

Entorno operativo Ubuntu USC

Traballo coa terminal de comandos

Executa o programa **Terminal** no menú **Aplicativos** -> **Terminal**. Podemos obter axuda sobre un comando con **man comando**

1. Comprobar o directorio no que nos atopamos: **pwd**
2. Crear un directorio: **mkdir directorio**
3. Ir a un directorio: **cd /usr/local/bin**
4. Ver o contido do directorio actual, indicando os permisos e os tamanos en bytes: **ls -l**
5. Crear un arquivo de texto co contido do directorio actual: **ls > arquivo.txt** (**redirección de saída**)
6. Cambiar os permisos dun arquivo para que sexa de só lectura: **chmod a-wx arquivo**
7. Mostrar o contido dun arquivo na terminal: **more arquivo** ou **cat arquivo**
8. Copiar arquivos: **cp arquivo1 arquivo2**
9. Renomear un arquivo: **mv arquivo1 arquivo2**
10. Mover un arquivo a outro directorio: **mv arquivo1 /directorio/arquivo2**
11. Borrar un arquivo: **rm arquivo**
12. Mostrar os directorios por debaixo do actual: **du**
13. Empaquetar e comprimir un directorio: **tar czvf directorio.tar.gz; tar xzvf directorio.tar.gz** (para descomprimir)
14. Executar un programa en segundo termo (non ocupa a terminal): **programa &**. Pasalo a primeiro termo: **fg %1**. Pasalo de novo a segundo termo: **CTRL+Z; bg %1**
15. Comproba-los procesos activos: **ps -ef | more**
16. Mostra-la data e hora actual: **date**